

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**8481** Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

O Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos, na súa disposición derradeira primeira, autoriza os ministerios do Interior e de Industria e Enerxía (na actualidade, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio) para actualizaren os contidos técnicos das instrucións técnicas complementarias, cuxos textos se xuntan como anexos ao citado regulamento, tendo en conta a evolución da técnica e o que dispoñan as normas legais e regulamentarias que se diten sobre as materias a que se refiren.

O 5 de abril de 2008 publicouse no «Diario Oficial de la Unión Europea» a Directiva 2008/43/CE da Comisión, do 4 de abril de 2008, pola que se establece, consonte a Directiva 93/15/CEE do Consello, un sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís.

A Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, relativa á harmonización das disposicións sobre a posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís, establece no seu artigo 14 que é necesario que as empresas do sector dispoñan dun sistema de seguimento da tenza dos explosivos que permita identificar en todo momento o seu tedor, todo isto para que a circulación de explosivos no mercado comunitario se desenvolva de forma segura e protexida.

A identificación única dos explosivos resulta esencial para poder levar rexistros precisos e completos deles en todas as fases da cadea de subministración. Isto permitirá a identificación e rastrexabilidade do explosivo desde o lugar de produción e a súa primeira comercialización até o usuario e uso finais, a fin de previr o uso inadecuado e o roubo e de axudar as autoridades que velan polo cumprimento da lei a determinar a orixe dos explosivos perdidos ou roubados.

A presente orde dá cumprimento ao disposto na Directiva 2008/43/CE mediante a actualización das disposicións contidas nas instrucións técnicas complementarias números 2 e 15.

Esta orde recibiu o informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo único. Actualización das instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 do Regulamento de explosivos.*

As instrucións técnicas complementarias números 2 e 15, sobre «Normas para o control da tenza de explosivos» e «Etiquetas de identificación de envases e embalaxe» respectivamente, do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, substitúense polas que se insiren a seguir.

*Disposición transitoria única. Prazo para a adecuación á nova normativa.*

Todas as persoas físicas ou xurídicas en posesión de licenza ou autorización para fabricar, almacenar, transferir ou importar e comercializar explosivos deberanse adaptar ás condicións establecidas na presente orde antes do 5 de abril de 2012.

Até esa data, poderanse aplicar as normas de recolla da información relativa á identificación dos explosivos, previstas nas instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 que van ser substituídas e actualizadas polas que se aproban mediante esta orde.

Os explosivos identificados conforme as instrucións técnicas complementarias números 2 e 15 que van ser substituídas e actualizadas poderán ser comercializados con esa identificación até o 5 de abril de 2012. Desde esta data, todos os explosivos se deberán identificar conforme o previsto nas novas instrucións técnicas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.26ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de normas do dereito comunitario europeo.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2008/43/CE da Comisión, do 4 de abril de 2008, pola que se establece, consonte a Directiva 93/15/CEE do Consello, un sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de maio de 2009.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 2

### Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís

1. Obxecto e ámbito de aplicación.—Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer un sistema harmonizado para a identificación única e a rastrexabilidade dos explosivos con usos civís, como un desenvolvemento do artigo 9 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e en cumprimento do disposto no artigo 14 da Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, relativa á harmonización das disposicións sobre a posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís.

O sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís non se aplicará ás municións nin aos explosivos transportados e entregados sen embalar ou en camións cisterna para a súa descarga directa no barreno cuxo transporte a granel estea regulamentariamente autorizado. Tampouco será de aplicación aos explosivos fabricados no lugar da voadura e que se cargan inmediatamente despois de se prepararen (produción in situ), cando esta práctica estea regulamentariamente autorizada.

2. Identificación única, marcación e fixación do produto.—Todas as persoas físicas ou xurídicas en posesión de licenza ou autorización para fabricar, almacenar, transferir ou importar e comercializar explosivos deberán marcar os explosivos e cada unha das unidades de envase máis pequenas cunha identificación única ou clave de identificación sen prexuízo do disposto no capítulo I do título IV do Regulamento de explosivos.

A identificación única deberase marcar ou fixar firmemente no artigo en cuestión dunha forma duradeira e claramente lexible.

A identificación única debe permitir o seguimento das subministracións de explosivos de fábricas a depósitos e destes entre si e aos consumidores finais.

Cando un explosivo se someta a ulteriores procesos de fabricación, os fabricantes non estarán obrigados a marcalo cunha nova identificación, salvo que a identificación orixinal non quedase marcada ou fixada firmemente no artigo de forma duradeira e claramente lexible.

A identificación única non será necesaria para os explosivos que se fabriquen para a exportación e se marquen cunha identificación que sexa conforme cos requisitos do país importador e permita a rastrexabilidade do explosivo.

As identificacións únicas deberán figurar nas correspondentes guías de circulación, conforme o previsto na instrución técnica complementaria número 20 do Regulamento de explosivos, e pódense anotar, se son correlativas, unicamente a primeira e a derradeira.

A identificación única deberá comprender os elementos descritos no anexo.

3. Normas para o control da tenza de explosivos.—As persoas físicas ou xurídicas responsables da transferencia ou importación de explosivos en España deberanse someter, desde o momento da entrada deses produtos en territorio nacional, á normativa aplicable para o efecto, para os titulares dos depósitos industriais e comerciais, establecida no articulado do Regulamento de explosivos.

Se un explosivo se importa ou transfírese a España cunha identificación única xa fixada, o responsable da súa distribución deberá proporcionar á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil os datos relativos ao produto para a súa comprobación e coñecemento.

De acordo co artigo 137 do Regulamento de explosivos, cando os distribuidores envasen de novo os produtos que vaian subministrar, deberán fixar a identificación única no explosivo e na unidade de envase máis pequena.

A) Explosivos fabricados en España: no caso de explosivos fabricados en España, todas as persoas físicas ou xurídicas en posesión de licenza ou autorización para fabricar, almacenar e comercializar explosivos deberán presentar ante a Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil unha proposta da identificación única dos seus produtos excepto no relativo ao segundo grupo do código de identificación alfanumérico. Será a citada Intervención Central de Armas e Explosivos a que atribuirá os tres díxitos identificativos do nome do sitio de fabricación do segundo grupo do código de identificación alfanumérico, outorgando sempre o mesmo número a cada sitio de fabricación.

A Intervención Central de Armas e Explosivos notificará ao solicitante a súa resolución, na cal comunicará a súa conformidade coa proposta presentada e a súa conseguinte autorización ou a súa denegación motivada. A Intervención Central de Armas e Explosivos deberá autorizar ou denegar tamén de forma expresa calquera modificación que se pretenda incluír nunha identificación única xa autorizada.

B) Explosivos fabricados fóra da Unión Europea: todo fabricante establecido nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado asinante do Espazo Económico Europeo que pretenda importar ao Reino de España, para pór no mercado comunitario por primeira vez, un explosivo fabricado nun sitio de fabricación localizado fóra da Unión Europea ou fóra dun Estado que teña asinado un acordo *ad hoc*, deberá solicitar, con carácter previo á importación, á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, a atribución do segundo grupo do código de identificación alfanumérico, que será sempre o mesmo para cada sitio de fabricación.

En caso de que o fabricante non estea establecido nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado asinante do Espazo Económico Europeo, a solicitude deberá ser presentada polo importador.

En ambos os supostos, a atribución do segundo grupo do código de identificación alfanumérico deberase producir con carácter previo á importación e será condición necesaria para ela.

4. Identificación única en función da clasificación dos explosivos, embalaxes e envases exteriores.

Tanto en materias como en obxectos explosivos, as empresas poderán xuntar aos produtos copias adhesivas desprendibles da etiqueta orixinal para uso dos seus clientes. Estas copias deberán estar marcadas de maneira visible como copias do orixinal, a fin de prever un uso inadecuado.

A) Materias explosivas.

1. Explosivos encartuchados e explosivos en saco ou saqueta: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión directa en cada cartucho, saco ou saqueta. En cada caixa de cartuchos colocárase unha etiqueta relacionada coas que aparecen en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada cartucho, saco ou saqueta unha etiqueta electrónica inerte pasiva e, de modo similar, unha etiqueta electrónica relacionada en cada caixa de cartuchos.

2. Explosivos en botes ou bidóns: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión directa no bote ou bidón. Ademais, as empresas poderán pór en cada bote ou bidón unha etiqueta electrónica inerte pasiva.

3. Explosivos de dous compoñentes: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión directa en cada unidade de envase máis pequena que conteña os dous compoñentes.

B) Obxectos explosivos.

1. Detonadores de mecha e mechas: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión ou estampación directa no casco do detonador. En cada caixa de detonadores ou mechas colocárase unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada detonador ou mecha unha etiqueta electrónica inerte pasiva, e en cada caixa de detonadores ou mechas unha etiqueta electrónica relacionada.

2. Detonadores eléctricos, non eléctricos e electrónicos: a identificación única consistirá, ben nunha etiqueta adhesiva nos cables ou no tubo, ben nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión ou estampación directa no casco do detonador. En cada caixa de detonadores colocárase unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada detonador unha etiqueta electrónica inerte pasiva e, en cada caixa de detonadores, unha etiqueta electrónica relacionada.

3. Cebos e multiplicadores: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión ou estampación directa no cebo ou multiplicador. En cada caixa de cebos ou multiplicadores colocárase unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada cebo ou multiplicador unha etiqueta electrónica inerte pasiva, e en cada caixa de cebos ou multiplicadores unha etiqueta electrónica relacionada.

4. Cordóns detonantes e mechas de seguranza: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión directa na bobina. A identificación única marcarase cada 5 metros, ben na camisa externa do cordón ou a mecha, ben no revestimento interno de plástico extrudido situado inmediatamente debaixo da fibra exterior do cordón ou a mecha. En cada caixa de cordón detonante ou mecha colocárase unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán inserir dentro do cordón unha etiqueta electrónica inerte pasiva, e en cada caixa de cordón ou mecha unha etiqueta relacionada.

5. Recolla de datos, mantemento de rexistros e obrigas das empresas.

As empresas do sector dos explosivos deberán:

a) Pór en práctica un sistema de recolla de datos relativos aos explosivos que inclúa a identificación única destes ao longo de toda a cadea de subministración e do seu ciclo de vida, de tal maneira que en todo momento se poida identificar o seu tedor.

b) Manter un rexistro, a ser posible en soporte informático, de todas as identificacións de explosivos e de toda a información pertinente, en especial do tipo de cada explosivo, a súa localización mentres está na súa posesión ou baixo a súa custodia e até que se transfira a outra empresa ou se utiliza, e a empresa ou persoa a cuxa custodia se entregou.

c) Aínda cando cesasen a súa comercialización ou actividade, as empresas do sector dos explosivos deberán conservar e manter ao dispor da Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil os datos recollidos, en especial as identificacións únicas, a orixe e a localización de cada explosivo durante o seu ciclo de vida ou ao longo de toda a cadea

de subministracións, por un período de dez anos, computados desde a súa entrega ou desde o momento final coñecido do ciclo de vida do explosivo.

d) Facilitar á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil o nome e os datos de contacto dunha persoa capacitada para proporcionar a información descrita na alínea c) anterior fóra do horario normal de traballo.

e) Someter a proba o seu sistema de recolla de datos para asegurarse da súa eficacia e da calidade dos datos rexistrados anualmente. Deberán protexer os datos rexistrados para que non sexan danados ou destruídos de forma accidental ou premeditada. Este labor será verificado polos organismos notificados correspondentes no marco das auditorías requiridas no ámbito da Directiva 93/15/CEE.

#### ANEXO

##### Identificación única

A identificación única deberá comprender os seguintes elementos:

A) Unha parte lexible polo ollo humano que conteña:

a. O nome do fabricante.

b. Un código de identificación alfanumérico composto por:

i. Primeiro grupo: dúas letras identificativas do Estado membro (lugar de produción ou importación no mercado comunitario, por exemplo ES = España).

ii. Segundo grupo: tres díxitos identificativos do nome do sitio de fabricación.

iii. Terceiro grupo: o código do produto e a información lóxística únicos deseñados polo fabricante.

B) Unha identificación lexible electronicamente en forma de código de barras ou código matricial directamente relacionado co código de identificación alfanumérico.

Exemplo:



C) Tratándose de artigos demasiado pequenos para que a súa identificación única conteña todos os grupos descritos nas letras A) e B) deste anexo, considerarase suficiente a información indicada na letra A) b. i e ii, e na letra B).

#### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 15

##### Etiquetas de identificación de envases e embalaxe

1. Obxecto.—Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer as normas para a etiquetaxe que permita obter a identificación das materias regulamentarias que se comercialicen no mercado nacional.

2. Etiquetas de identificación.

2.1. Formato: as indicacións da etiqueta serán en negro, dentro dun rectángulo deseñado en negro, sobre fondo das cores que se especifican na táboa seguinte, en referencia á clasificación establecida nos artigos 12, 18 e 23 do Regulamento de explosivos. Para as definicións das cores utilízase a denominación que se establece na norma UNE 48103, que coincide coa carta de cores NCS.

*Táboa de asignación de cores para etiquetas*

Clasificación	Descrición	Cor	Denominación UNE
1.1, 1.2, 1.3, 1.4, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4 e 2.5	Materias explosivas e obxectos explosivos definidos no artigo 12 do Regulamento de explosivos.	Branco	UNE S 0502-E
1, 2 e 3	Cartucharía	Branco	UNE S 0502-E
I a VIII	Artificios pirotécnicos	Azul pálido	UNE S 3020 – B30G

## 2.2 Dimensións.

2.2.1 As etiquetas para envases terán as dimensións que permita o seu tamaño e deben resultar perfectamente lexibles os datos que figuren nel, sendo válida a impresión directa no envase.

2.2.2 As etiquetas para as embalaxes terán unha dimensión que permita que os datos que nela figuran sexan perfectamente lexibles, aconsellándose unhas dimensións mínimas de 74 x 105 milímetros.

## 2.3 Natureza.

2.3.1 As etiquetas terán a adecuada consistencia e os seus caracteres serán indelebles.

2.3.2 Cando as etiquetas vaian adheridas, na súa fixación deberanse empregar elementos que garantan a súa suxeición ou permanencia.

2.3.3 No caso de materias e obxectos explosivos, nas etiquetas ou inscricións poderase omitir o nome comercial do produto.

2.3.4 Poderanse utilizar as denominadas «ventás» de cor branca, para poder imprimir de forma lexible texto ou números.


## 2.4 Etiquetas.

Nos anexos I, II e III preséntanse os formatos de etiquetas para envases e embalaxes para explosivos, artificios pirotécnicos e cartucharía.


## ANEXO I

### Explosivos

#### *Formato de etiqueta para envase de explosivos*

Nome comercial do produto <sup>(1)</sup> .....
.....
Fabricante .....
.....
Código de identificación alfanumérico <sup>(1)</sup> .....
.....
Número de catalogación.....
.....
Data de caducidade .....
.....

(1)

#### *Formato de etiqueta para embalaxe de explosivos*

Nome comercial do produto <sup>(1)</sup> .....
.....
Código de identificación alfanumérico <sup>(1)</sup> .....
.....
Número de catalogación .....
.....
Fabricante .....
.....
Data de fabricación .....
.....
Data de caducidade.....
.....
Peso bruto.....
Peso neto de materia regulamentada:.....
.....

(1)

(1) Non será necesaria a inclusión na etiqueta, sempre que se encontre noutra parte do envase ou embalaxe de forma claramente visible.

## ANEXO II

**Artificios pirotécnicos***Formato de etiqueta para envase de artificios pirotécnicos*

Nome comercial do produto <sup>(1)</sup> .....
.....
Número de catalogación .....
.....
Clave de identificación <sup>(2)</sup> .....
.....
Data de caducidade .....
.....

*Formato de etiqueta para embalaxe de artificios pirotécnicos*

Nome comercial do produto <sup>(1)</sup> .....
.....
Número de catalogación .....
.....
Clave de identificación <sup>(2)</sup> .....
Fabricante .....
.....
Data de fabricación .....
.....
Data de caducidade.....
.....
Peso bruto.....
Peso neto: <sup>(3)</sup> Expl..... Pirot.....

(1) Para artificios pirotécnicos das clases I, II e III engadirase a denominación tipificada da instrución técnica complementaria número 23 e a clase.

(2) CLAVE DE IDENTIFICACIÓN: nome comercial ou NIF / CIF ou o número de rexistro como fabricante ou importador do responsable da comercialización.

(3) No campo «EXPL» figurará a masa neta de materia detonante e no campo «PIROT» a masa neta de materia pirotécnica.

Pódense agrupar varios tipos de artificios, sempre que a súa embalaxe en común estea permitida no ADR, excluíndose a embalaxe en común con outras materias perigosas ou con outras mercadorías non perigosas (artigo 142 do Regulamento de explosivos).

Para o transporte en vultos de artigos pirotécnicos destinados a espectáculos será suficiente unha etiqueta xenérica, onde se deben reflectir ao menos os datos do fabricante, clases de artigos pirotécnicos transportados e lugar de destino.



## ANEXO III

### Cartuchería

#### *Formato de etiqueta para envase de cartuchería*

Nome comercial do produto .....
.....
Número de catalogación .....
.....
Clave de identificación <sup>(1)</sup> .....

#### *Formato de etiqueta para embalaxe de cartuchería*

Nome comercial do produto .....
.....
Número de catalogación .....
.....
Clave de identificación <sup>(1)</sup> .....
Fabricante .....
.....
Peso bruto.....
Peso neto: .....

(1) Clave de identificación: nome comercial ou NIF / CIF ou o número de rexistro como fabricante ou importador do responsable da comercialización.